

ANEXO Á PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE LATÍN PARA A SÚA ADAPTACIÓN AO REAL DECRETO 984/2021 É A LEXISLACIÓN VIXENTE RESPECTO Á MODIFICACIÓN DE DATAS DA AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA PARA 1º BACHARELATO NO CURSO 2021/2022

Atendendo ao Real Decreto 984/2021 do 16 de novembro, polo que se regula a avaliación e a promoción na Educación Secundaria Obrigatoria, o Departamento de Latín deixa reflectido no seguinte documento os cambios que se solicitan no apartado de avaliación, para dar transparencia a este punto concreto da Programación didáctica, e poida ser consultado tanto polo alumnado coma polas súas respectivas familias, consonte á lexislación vixente. Do mesmo xeito, o departamento de latín seguirá a restante lexislación vixente no eido da avaliación de Bacharelato, e asemade, a concreción curricular aprobada no claustro de 6 de abril de 2022 nos apartados que poidan ter referencia concreta á programación didáctica e a este anexo á devandita programación.

O Departamento de Latín adaptará o proceso de avaliación das distintas materias do departamento, atendendo aos seguintes criterios, que quedan dispoñibles para seren consultados polo alumnado e polas súas familias:

LATÍN 4º ESO

Os criterios de cualificación establecidos para cada unha das materias nos seus respectivos apartados da programación seguiranse mantendo, permanecendo idéntica a súa distribución dos porcentaxes de cualificación destinados aos diferentes instrumentos de avaliación. Estes serán os criterios empregados en cada unha das avaliacións do curso e asemade, na avaliación final de 4º ESO.

Atendendo ás características da nova lexislación educativa, e ao desaparecer na ESO as probas extraordinarias, o alumnado de Latín en 4º ESO recibirá a comezos de xuño unha nota correspondente á terceira avaliación, seguindo os criterios de cualificación e características procesuais e instrumentais indicadas na programación educativa do Departamento referente á asignatura de Latín 4º ESO. Esta avaliación está sometida aos mesmos procesos de recuperación que as restantes avaliacións da materia.

Consonte á nova lexislación, o alumnado de ESO recibirá unha cuarta cualificación, correspondente á avaliación final que terá lugar a finais de xuño. Esta cualificación supón a valoración do proceso global de aprendizaxe de cada alumna ao longo de todo o curso na materia.

A nota da avaliación final, para os alumnos que aprobaron todas as materias, consistirá na media ponderada das tres avaliacións, con maior peso para a terceira do dobre en media ponderada, dada a existencia de contidos lingüísticos en Latín, que esixen a consideración de continuos. Aínda así, sempre se lles dará a posibilidade aos alumnos e alumnas de mellorar a súa cualificación a través dos mesmos instrumentos de avaliación fixados na programación.

ORGANIZACIÓN DO PERIODO LECTIVO ENTRE A TERCEIRA AVALIACIÓN E AVALIACIÓN FINAL EN LATÍN 4º ESO

No período de tempo que abrangue dende o remate da terceira avaliación ata a avaliación final ordinaria, a finais de xuño para Latín 4ºESO, o profesorado do Departamento de Latín levará a cabo unha labor de titorización e traballo con actividades de diverso tipo, en función das distintas situacións e necesidades do alumnado, segundo sexan de ampliación, repaso, reforzo ou apoio específico para a recuperación dos contidos e competencias desenvolto na materia de Latín 4ºESO e a súa cualificación final.

O obxectivo do traballo realizado durante este período será a consecución dos estándares de aprendizaxe de tal forma que todo o alumnado con algunha avaliación suspensa poida acadar resultados positivos na avaliación final e o alumnado con todas as avaliacións aprobadas poida mellorar a súa nota final, respectando, na medida do posible, os contidos e a súa temporalización marcados na programación didáctica do departamento.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA A TERCEIRA AVALIACIÓN E AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA

Para Latín 4º ESO adáptanse á nova lexislación de avaliación as páxinas 35 e 36 da programación didáctica do departamento para o curso 2021/2022, de xeito seguinte:

A terceira avaliación rexirase polos mesmos criterios, procedementos e instrumentos de avaliación que as avaliacións habituais primeira e segunda, segundo consta na programación didáctica.

Avaliación final: os alumnos que teñan unha ou dúas, ou as tres avaliacións suspensas poderán facer antes do 22 de xuño unha proba de recuperación dentro da proba de avaliación final ordinaria, que consistirá nunha proba escrita cos contidos vistos durante o curso, separados por avaliacións no plano dos contidos teóricos culturais, pero formando un único apartado práctico-teórico no ámbito lingüístico-gramatical, ao se tratar de contidos inclusivos.

Asemade, aqueles que superasen todas as avaliacións, poderán tamén presentarse de xeito voluntario á proba final ordinaria para subir nota. Deberán facer todo o exame, e a súa cualificación se lles sumará en positivo sempre que a nota do exame poida mellorar a puntuación facendo media coa nota final que obtivese o alumno. En ningún caso se lles baixará a nota en caso de que obteñan unha nota inferior á media que tivesen respecto das tres avaliacións.

En caso de que a media xeral do alumno sexa igual ou superior ao 5 tras a realización da 3ª avaliación, e sempre e cando non suspendese con menos dun 4 ningunha das dúas avaliacións anteriores, o alumno non terá que ir a esa proba de recuperación final ordinaria antes do 22 de xuño, a non ser para subir nota de xeito voluntario.

Mediante a realización das actividades propostas neste período final do curso, o alumnado coas tres avaliacións aprobadas que non desexe presentarse a unha proba formal de

mellora da nota, poderá aínda así mellorar a súa cualificación global do curso cunha puntuación de 0 ata 0,5 puntos, sobre a media das tres avaliacións, coa presentación dun traballo ou entrega dun caderno de actividades, indicado con suficiente antelación como para que os alumnos estean capacitados para realizalo axeitadamente e con aproveitamento. Para calcular esta media, cuxa nota corresponderá á avaliación ordinaria, teranse en conta as medias exactas (sen aproximar) das distintas avaliacións. A nota final recollida no boletín establecerase cunha aproximación a partir das 0,5 décimas, ao punto seguinte, tal e como recolle a programación didáctica.

Os alumnos que suspendan 2 avaliacións ou as 3 avaliacións con menos dun 4 nalgunha das avaliacións anteriores, deberán ir obrigatoriamente á proba final ordinaria. De non aprobar a 3ª avaliación de ningún xeito, e tendo aprobada a 1ª e a 2ª avaliación, o alumno deberá acudir á recuperación do total da materia no eido lingüístico-gramatical, ao tratarse de contidos inclusivos de lingua latina, na proba final ordinaria de xuño de Latín 4ºeso. No ámbito de contidos teóricos culturais (Historia de Roma, Cultura Romana) e de léxico e etimoloxía, o alumnado só deberá examinarse no exame final ordinario de xuño da parte suspensa na avaliación correspondente. A cualificación necesaria para aprobar a materia será de 5 puntos. A nota final recollida no boletín establecerase cunha aproximación a partir das 0,5 décimas, ao punto seguinte, tal e como recolle a programación didáctica.

LATÍN I 1ºBAC

Os criterios de cualificación establecidos para cada unha das materias nos seus respectivos apartados da programación seguiranse mantendo, permanecendo idéntica a súa distribución dos porcentaxes de cualificación destinados aos diferentes instrumentos de avaliación. Estes serán os criterios empregados en cada unha das avaliacións do curso e asemade, na avaliación final de 1ºBAC.

Atendendo ás características da nova lexislación educativa, e ao cambiar as datas da avaliación extraordinaria de 1ºBAC, pasando estas a ser a finais de xuño, o alumnado de Latín en 1ºBAC recibirá a comezos de xuño unha nota correspondente á avaliación final ordinaria, seguindo os criterios de cualificación e características procesuais e instrumentais indicadas na programación educativa do Departamento referente á asignatura de Latín I de 1ºBAC. Está cualificación supón non só a nota da terceira avaliación, senón tamén a valoración do proceso global de aprendizaxe de cada alumna ao longo de todo o curso na materia.

A nota da avaliación final consistirá na media ponderada das tres avaliacións, con maior peso para a terceira do dobre en media ponderada, dada a existencia de contidos lingüísticos en Latín, que esixen a consideración de continuos.

CRITERIOS DA AVALIACIÓN TERCEIRA, FINAL ORDINARIA E EXTRAORDINARIA

Segundo figura na páxina 63 e 64 e coa adaptación pertinente á lexislación actual, procédese a aclaración e adaptación dos mecanismos e criterios de avaliación da materia de Latín I de 1º BAC:

RECUPERACIÓN DE AVALIACIÓNS SUSPENSAS

Como criterio xeral de recuperación, farase de cada proba obxectiva a súa correspondente recuperación, e tamén de cada avaliación suspensa a súa correspondente recuperación, tal e como consta na programación, incluída a terceira avaliación.

Do mesmo xeito, o alumnado que suspenda unha avaliación poderá recuperala nunha proba obxectiva de recuperación ao inicio da seguinte avaliación. De aprobar a avaliación, a nota da avaliación anterior será o resultado desa proba obxectiva, co que se lle calculará a nota final do curso segundo a media ponderada exposta anteriormente. Se o alumno suspende a terceira avaliación, terá asemade unha recuperación da mesma, anterior á proba final ordinaria. Se o alumno non obtén un 5 na nota final da media ponderada das avaliacións, deberá acudir á unha proba de recuperación final da materia, que terá lugar antes da data fixada para a xunta de avaliación para avaliar a avaliación final ordinaria. Os instrumentos e procedementos de avaliación serán os fixados na programación didáctica do departamento, a todos os efectos.

NOTA FINAL ORDINARIA DE LATÍN I

A nota final dos alumnos será o resultado da media das tres avaliacións, sendo *conditio sine qua non* para a realización da media, ter aprobada a 3ª avaliación, dado que os contidos lingüísticos da materia son inclusivos, aínda que coa salvedade de que en caso de que se tivese suspensa a primeira e a segunda avaliación e a media final aínda coa terceira avaliación aprobada fose inferior a 4 deberán ir á unha proba final de recuperación dentro da avaliación ordinaria. Dado que a materia é de avaliación continua e de contidos inclusivos, a 3ª avaliación fará unha media ponderada do dobre que as dúas primeiras avaliacións. Haberá un exame final antes do 6 de xuño para aqueles alumnos que tivesen suspensas cando menos dúas avaliacións e sen recuperar, ou onde a nota media final ponderada a pesar de ter aprobada a terceira avaliación sexa inferior a 4. A proba final de recuperación como todas as probas de Latín I, terá dúas partes diferenciadas, marcadas polo currículo da materia, en contidos Latín I: Contidos gramaticais e de léxico e tradución. (entre 6 e 8 puntos) Contidos culturais (entre 2 e 4 puntos).

IMPORTANTE: É IMPRESCINDIBLE OBTENIR NA PARTE DE CONTIDOS GRAMATICAIS E TRADUCCIÓN UN MÍNIMO DE 2 PUNTOS PARA QUE CALQUERA EXAME DE LATÍN I SEXA VÁLIDO PARA MEDIA DE AVALIACIÓN OU SUPERACIÓN DA MATERIA EN CALQUERA PROBA, TANTO TEÑA ESTE CARÁCTER XERAL, DE RECUPERACIÓN, E TANTO SEXA DE XEITO ORDINARIO COMA EXTRAORDINARIO.

Os instrumentos e procedementos de avaliación serán os fixados na programación didáctica do departamento, a todos os efectos. A cualificación necesaria para aprobar a materia será de 5 puntos. A nota final recollida no boletín establecerase cunha aproximación a partir das 0,5 décimas, ao punto seguinte, tal e como recolle a programación didáctica.

O alumnado aprobado nas tres avaliacións poderá presentarse de xeito voluntario, non obstante, a proba final de recuperación da avaliación final para subir nota. Deberán facer todo o exame, e a súa cualificación se lles sumará en positivo sempre que a nota do exame poida mellorar a puntuación facendo media coa nota final que obtivese o alumno.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Rexirase polos mesmos procedementos, criterios e instrumentos de avaliación establecidos para a avaliación extraordinaria de Latín I de 1º BAC establecidos na programación didáctica. A cualificación necesaria para aprobar a materia será de 5 puntos. A nota final recollida no boletín establecerase cunha aproximación a partir das 0,5 décimas, ao punto seguinte, tal e como recolle a programación didáctica.

ORGANIZACIÓN DO PERIODO LECTIVO ENTRE AVALIACIÓN FINAL E AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA EN LATÍN I

No período de tempo que abrangue dende o remate da terceira avaliación ata a avaliación extraordinaria, a finais de xuño para Latín I, o profesorado do Departamento de Latín levará a cabo unha labor de titorización e traballo con actividades de diverso tipo, en función das distintas situacións e necesidades do alumnado, segundo sexan de ampliación, repaso, reforzo ou apoio específico para a recuperación dos contidos e competencias desenvoltoas na materia de Latín I de 1ºBAC e a súa cualificación final extraordinaria.

O obxectivo do traballo realizado durante este período será a consecución dos estándares de aprendizaxe de tal forma que todo o alumnado coa avaliación final ordinaria suspensa poida acadar resultados positivos na avaliación final extraordinaria.

Para o alumnado que superou a materia, durante este período se procederá ao reforzo dos contidos de Latín I, centrándose en particular na práctica da tradución e análise gramatical, seguindo a temporalización marcada na programación do Departamento.

LATÍN II 2ºBAC

As especiais características de temporalización da materia de Latín II fan que a programación didáctica do departamento siga sendo completamente vixente en todos os apartados, incluídos os criterios e procedementos da avaliación, tanto das ordinarias, como da final e extraordinaria.

Bertamiráns, 7 de abril de 2022

O xefe do Departamento de Latín

Xosé Antonio López Silva